



NORMAS DE INSCRIPCIÓN E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NO XV CAMPUS DE FÚTBOL CIDADE DE MONFORTE – R.C. CELTA DE VIGO

O Concello de Monforte organiza a décimo quinta edición do Campus de Fútbol Cidade de Monforte – R.C. Celta de Vigo, que ten como obxectivo que nenos e nenas, rapaces e rapazas, poidan gozar dunhas vacacións activas practicando deporte, ademais de ter a oportunidade de facelo da man de monitores que traballan dentro da estrutura dun Club de Fútbol Profesional como e o R.C. Celta de Vigo.

1- PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre o 01/01/2007 e o 31/12/2014
- No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade superior ó 33%, ter recoñecemento da situación de discapacidade e que non precisen da axuda de terceira persoa para participar na actividade.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.
- Non presentar síntomas asociados co COVID-19.

2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:

- **Duración:** A actividade terá lugar entre o **2 e o 6 de agosto**.
- **Horario:** de luns a venres non festivos de 10:00 a 13:00 h.
- **Prazas ofertadas e grupos:** estableceranse un máximo de 6 grupos de actividade. O número de prazas de cada un dos grupos irá en función da situación sanitaria en cada momento, e das ordes dadas pola Consellería de Sanidade relativas ás actividades de ocio e tempo libre e de actividades deportivas. En todo caso o número máximo de persoas por grupo é de 12. Resérvanse 4 prazas para persoas con discapacidade superior o 33 %
- **Custe da actividade:** 26,91 €. As familias numerosas terán un desconto do 50 %
- **Lugar de celebración:** Campo Municipal de Fútbol Luis Bodegas.
- **Tipoloxía das actividades e exercicios:** os exercicio estarán deseñados, en todo caso, sempre en cumprimento das medidas que as organizacións responsables



das actividades de lecer educativo xuvenil deberan implementar con carácter xeral, ademais de aplicar as prescritas polo Ministerio de Sanidade.

3- SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O procedemento de solicitude será o seguinte:

1. As persoas interesadas en participar no XV Campus de Fútbol Cidade de Monforte deberán facer unha **preinscrición** de xeito **telemático** a través da páxina web www.monfortedelemos.es entre o **20 e o 31 de maio**.
2. Publicación de lista de persoas preinscritas o día **2 de xuño**.
3. Sorteio de prazas, no caso e ser necesario, o día **4 de xuño**. Por motivo da situación actual ocasionada pola crise sanitaria COVID-19, o sorteo realizarase sen asistencia de público. Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteo.
4. Publicación de lista de persoas admitidas e lista de espera, o día **7 de xuño**.
5. Inscrición definitiva (con aportación da documentación requirida segundo o artigo 5), aboamento da matrícula e xestión de lista de espera **entre o 8 e o 18 de xuño**. A inscrición definitiva poderá facerse de dous xeitos:
 - Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ó enderezo deporte.veran@concellodemonforte.com
 - Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.
6. **Entre o 21 e o 25 de xuño**, publicación e inscrición en prazas vacantes.

4- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

Para a asignación de prazas terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Monforte. De ser necesario realizarase sorteo.

5- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

A presinscrición realizarase exclusivamente de xeito telemático e non será necesario aportar ningún tipo de documentación.

No momento da inscrición definitiva das persoas con praza na actividade será necesario aportar a seguinte documentación:



- Instancia de matrícula
- De ser o caso, certificado de discapacidade no que quede constancia a non necesidade de axuda de terceira persoa.
- No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.
- Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a legal.
- Fotocopia do DNI do/a menor ou libro de familia no caso de non ter DNI.
- De ser o caso fotocopia do DNI da persoa/as autorizadas a recoller ó menor.

Esta documentación poderá presentarse de dous xeitos:

- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ó enderezo **deporte.veran@concellodemonforte.com**
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

6- PAGO DA MATRÍCULA:

Ás persoas con praza, unha vez presentada a documentación requirida para a inscrición definitiva, enviaráselles, ó correo electrónico designado, a carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web www.monfortedelemos.es A data límite para realizar o pago será o 18 de xuño.

7- PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN CON MOTIVO DO COVID – 19 E OBRIGAS PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO

Deseñarase un protocolo de actuación para toda a duración do campus que, en todo caso, será acorde coas medidas que as organizacións responsables das actividades de lecer educativo xuvenil poidan implementar con carácter xeral, ademais de aplicar as prescritas polo Ministerio de Sanidade.